

VIII Certame de relato curto "Xosé Neira Vilas"



**Concello de
Boqueixón**

VIII Certame de Relatos “XOSÉ NEIRA VILAS”

Edición 2022

Edita: Concello de Boqueixón

Telf. 981 513 061

cultura@boqueixon.com

www.boqueixon.com

Impresión: Eixoprint

D.L.: C 739-2022

Textos gañadores do VIII Certame de relatos “Xosé Neira Vilas” para escolares
convocado polo Concello de Boqueixón

SAÚDA

Dicía o noso benquerido Xosé Neira Vilas que el escribía porque o facía en galego. “Se escribise en castelán non achegaría nada novo pero en galego podo aportar, podo enriquecer o idioma, podo axudar ao impulso da cultura galega”. Ese mesmo obxectivo é o que deu forma a este certame de relatos que leva o seu nome e do que estamos celebrando xa a súa oitava edición.




Os textos presentados este ano ao certame pola rapazada de Boqueixón serven para potenciar a lectura e a creatividade literaria entre as nosas crianzas, que tiveron que tirar moito do maxín para chegar a crear os orixinais que compoñen esta publicación. Ao mesmo tempo, son uns escritos que nos axudan a promover a lingua galega escrita como medio de creación e comunicación.

Unha vez máis, agradecer á Fundación Xosé Neira Vilas, ao CPIP Antonio Orza Couto e á Asociación Cultural Mestre Manuel Gacio o seu apoio e colaboración nesta nova edición do noso certame de relato curto. Sen a súa implicación sería moi difícil que todo isto fose posible.

Con todo, o maior agradecemento é para vós, pequenos e pequenas creadoras, pois nas vosas mans está o futuro desta nosa lingua, o galego.

Convidovos a ler estes relatos co mesmo agarimo co que foron escritos polos nosos Balbinos e Balbinas, que cando menos si poden dicir que eles fixeron un libro, no que baleiraron todo o seu sentimento. Desfrutádeo!

Manuel Fernández Munín,
Alcalde-Presidente do Concello de Boqueixón.



FUNDACIÓN XOSÉ NEIRA VILAS
36587 Gres - Vila de Cruces (Pontevedra)

LIMIAR

Como tantas veces temos lembrado, Neira Vilas e a súa compañeira, Anisia Miranda, visitaron dúcias de centros escolares de toda Galicia. Tiñan moi claro que os nenos e as nenas eran o público natural dos seus libros. Por iso podemos asegurar que estarían felices ao comprobar que a mesma rapazada que antes os escoitaba, agora é a que se pon a escribir. Sabemos que o autor de Gres animou a xente amiga súa a coller a pluma (ou o ordenador) e a perderlle o medo a emprender este labor creativo. Para el era unha satisfacción saber que valía a pena alentar as vocacións dos máis novos. Pois nestas andamos.

Para a Fundación Xosé Neira Vilas é un motivo de ledicia colaborar con esta canteira de escritores e escritoras que, ano tras ano, se está formando en Boqueixón. A permanencia no tempo deste certame de relatos, co traballo de planificación e organización que isto implica, é o que vai permitir que xurdan valores novos da nosa escrita que tomen o relevo, por exemplo, de novelistas deste concello, como o sempre recordado Anxo Rei Ballesteros.

O mérito dos contos que se publican neste volume hai que atribuírlo, maiormente, aos seus autores e autoras. Teñen ben merecido que desfruten de ver impreso o froito do seu esforzo e a súa creatividade. Mais tamén é obrigado derivar parte deste mérito ao traballo levado a cabo polo profesorado. Case sempre son eles, os mestres, os que primeiro animan á xente nova. Outra parte vai para as nais e os pais, que son, moi probablemente, os que lles facilitaron os primeiros libros para ler. E finalmente, pero non en último lugar, cómpre poñer en valor a iniciativa que no seu día decidiu levar a cabo o Concello de Boqueixón, coa intención de que o exemplo de Neira Vilas servira de estímulo para a rapazada.

Fernando Redondo Neira
Fundación Xosé Neira Vilas

FALLO DO XURADO DO VIII CERTAME DE RELATO CURTO

“Xosé Neira Vilas”

En Boqueixón a 2 de maio de 2022, sendo ás 16:00 h. reunido o xurado composto por M^a Rosario Golmar Saavedra, membro do padroado da Fundación Xosé Neira Vilas, Maria Fe Pérez García, profesora de Lingua e Literatura Galega do CPIP Antonio Orza Couto, M^a Sonia Rodríguez Varela, membro da Asociación Cultural Mestre Manuel Gacio e Rosario Iglesias Iglesias, técnica municipal de Cultura, co motivo de fallar os premios do VIII Certame de relato curto *Xosé Neira Vilas* convocado polo Concello de Boqueixón.

Logo de proceder á lectura dos traballos presentados, de acordo co estipulado nas bases da convocatoria e tendo en conta os criterios de coherencia na estrutura do relato, creatividade, riqueza léxica e presentación dos mesmos, por unanimidade acordan, nomear gañadores/as deste certame a:

1ª categoría: 3º- 4º de Primaria

1º premio: *A canción de Limia* de Fátima de la Iglesia Lobato

2º premio: *A carpeta roubada* de Sofía Liñares García

3º premio: *A feira* de Nora Rouco González

2ª categoría: 5º - 6º de Primaria

1º premio: *Celtia, a pequena guerreira* de Nerea Rendo Sánchez

2º premio: *Soñando con Duque* de Carolina Fernández Chas

3º premio: *Un soño posible* de Brais Torres Aldrey

3ª categoría: Secundaria

1º premio: *Viaxar non costa nada* de Noa Méndez Picallo

2º premio: *Aparentar* de Candela Suárez Méndez

3º premio: *Entre ambas...mentiras e verdades* de Mara Prieto Fernández

A canción de Limia

Fátima de la Iglesia Lobato



1º premio da primeira categoría

Limia era unha nena de prodixioso celme natural, por iso estaba moi comprometida coa contorna na que vivía.

Ela coñecía un lugar que ningunha outra persoa era consciente de que existía. Detrás da cova dos mouros había un recuncho onde Limia matinaba e pensaba nunha canción.

Aquela canción cantáballa súa nai, cando ela era unha crianza, mentres tentaba durmirla no berce. Era unha canción moi bonita e melodiosa.

Malia todo o feitizo daquela canción, Limia cando estaba con outras persoas era pesimista, aburrida, mesmo distraída... Pero cando estaba en soidade era todo o contrario.

Aquel día de excursión ao Pico, Limia regresou á casa esgotada, pero unha cousa animoulle o día, alí estaba a súa avoa co caldo e as filloas agardando.

O pai de Limia, coma sempre, estaba tirado no sillón ollando o álbum de fotos de cando a nai de Limia aínda vivía.

Para Limia coñecer a morte de súa nai foi de intensa crueza, moi duro, mais era necesario superalo.

Limia fuxiu dos seus pensamentos cando a súa avoa chamou por ela para cear.

Fixen caldo e filloas. – Dixo a avoa.

Vaaaaale. –Dixo Limia.

Limia colleu unha filloa e unha taza de caldo e subíu o seu cuarto, alí mesmo ao rematar a cea, regresou en soños ao Pico Sacro entrando na paisaxe mística deste cume.

Intentou cantar a canción que escoitaba no berce dos mesmos beizos de súa nai, mais non era quen de recordar, só lembraba o principio. Comezou a chorar...

E de súpeto shshshshshs... Escoitou algo así como a melodía dun río.

Mais Limia seguía chorando, non lembraba a imaxe de súa nai, xa coa noitecida nas costas regresou á súa casa, e durmiu pracidamente mentres soñou cun intenso murmurio de auga.

Ao día seguinte, Limia xa non estaba co habitual desacougo diario, mesmo almorzou coa súa familia.

Cando rematou de almorzar, Limia volveu ao Pico Sacro e escoitou o murmurio da auga, nese instante sentiu como o seu corpo desaparecía e reaparecía na auga dun río descoñecido.

Convertiuse nunha serea!

Nese momento escoitou unha voz, era unha voz melodiosa, tranquila e familiar para Limia, tamén comezou entre as néboas a visualizar unha silueta, era unha serea, deixaba un ronsel verde esmeralda e destacaban os seus vidros azul mariño como os seus propios ollos.

Segundo se ía acercando, Limia percibía que cada vez estaba máis nerviosa. Na proximidade ollou con claridade un axóuxere que lucía a extraña serea, era igual ao de Limia, agasallo de seu pai por un dos seus aniversarios.

Cando estiveron preto, aquela serea con ollos azul mariño e aletas verde esmeralda tocou a Limia, entón díxolle:

Recórdasme?

Mamá! – Dixo Limia, mentres unha aperta era parte principal do feitizo e reencontro ansiado.

Por que non volvíches?-Preguntou Limia.

Estou morta como muller, pero viva como serea, cando ti naciches convertínme en serea. –Explicoulle a nai de Limia a Limia.

Limia seguía preguntando, desexaba saber, mesmo preguntou:

- Mamá que río é este.

- Pronto o saberás. – Respondeu a nai.

- Agora teño que marchar, volvo mañá. – Rematou Limia.

Así o fixo, estaba de tan bo humor que non lembraba que súa nai morrera, mais cando chegou á casa o seu carácter cambiara por completo.

Na cea a avoa díxolle:

- Limia, canto cambiaches, agora falas e amosas alegría coa familia.

Limia foi á cama pensando no comentario da avoa, - Limia canto cambiaches.

Ao seguinte día, Limia volveu ao Pico Sacro para achegarse novamente ao río.

“Limia, Limia, descubre a canción para coñecer o nome do río, a canción é túa”. Murmuro afastado dunha voz que semellaba na profundidade.

Mais Limia deulle máis importancia a súa nai que á voz descoñecida, xa o descubriría máis tarde, entón entrou no río para volver estar con súa nai.

- Ola Limia, escoitaches unha voz. -Preguntou a nai.

- Si. – Respondeu Limia.

-Recorda, a canción é túa, por favor tenta descubri-la. – Apremaba a nai.

- Miña, a canción. Entón o río é o Limia.

Ao día seguinte Limia volveu ao Pico Sacro e sentouse nunha pedra para ir anotando máis datos da canción, axiña chegou á conclusión de que o río e a canción estaban relacionados... A canción era o murmurio das augas. Así foi como descifrou o segredo.

Axiña regresou ao río onde agardaban todos os animais para coroala, mentres que da terra saíu un palacio onde voaban paxaros e bolboretas formando círculos arredor do palacio.

Limia escoitou unha voz que dicía. - Moi ben Limia, eres a raíña da Flora e da Fauna.

Limia sentiu coma se o Pico Sacro abrira os seus brazos nun ritual de sanación fronte a unha atmosfera contaxiada.

A partir dese día, Limia quedou no Limia, con súa nai, onde nas noites de lúa nova seguen a cantar as dúas sereas do Pico nas cristalinas augas do Limia.

A carpeta roubada

Sofía Liñares García



2º premio da primeira categoría

Son unha investigadora especializada en Xosé Neira Vilas, levo toda a miña carreira buscando información sobre el e a súa vida. Teño unha carpeta con moitos apuntamentos que fun atopando ao longo da miña carreira grazas á súa familia e amigos. Antes de que morrera tiveren a sorte de entrevistalo unha vez. Esa entrevista deume moitas claves para seguir coa miña investigación hoxe en día. Se todo vai ben escribirei un libro sobre a súa vida. Aínda me faltan algunhas cousas pero pronto poderei cumprir o meu soño e escribir ese libro.

Un día espertei e a carpeta non estaba onde sempre a deixo. Deime conta de que deixara a ventá aberta e podía ser posible que saíra por ela porque facía vento. Busquei por toda a rúa pero nin rastro dela. Quedeime moi triste porque na carpeta estaba toda a información sobre Xosé Neira Vilas, dende que naceu ata que morreu. Eu buscaba por todas partes, levaba buscándoa dúas semanas, ata que un día investiguei toda a noite en internet sobre científicos que fixeran máquinas do tempo. Quería a máquina para volver ao pasado, coller a carpeta e saber quen era o ladrón. Tiña unha reunión cun científico o xoves 22 de maio.

Chegou o día e presenteime no lugar pero ninguén estaba alí, mandeille unha mensaxe pero non me contestou. Comecei a sospeitar del porque nin sequera me falara; só me contestara un vale cando lle propuxen a quedada. Cando cheguei á casa xa era noite, ceei e funme para a cama. Púxenme a investigar sobre máquinas do tempo ata as cinco da mañá. Encontrei outro científico chamado Xoán que facía máquinas do tempo. Tentei falar con el a través dunha páxina web pero non contestaba. Tres días despois decidín mandarlle unha carta co domicilio que aparecía no seu perfil da web. Ao día seguinte cheguei a súa contestación dicindo que non me contestara pola páxina web porque tiña o ordenador estropeado e que podíamos quedar o sábado na súa casa. Así foi, quedamos ese día e díxome que a máquina estaría lista dentro dun mes. Pasado ese tempo ensinoume pero aínda lle faltaban uns arranxos e podía dar problemas co sistema. Dúas semanas despois probámola cunha folla: mandamos a folla a un minuto despois e un minuto despois estaba alí, probamos tamén a mandala a un minuto antes e cando lle demos ao botón xa estaba alí a folla! Xa era a hora de que eu viaxara no tempo. Xoán díxome que tivese moito coidado e que non fixese nada máis que coller a carpeta xa que podería cambiar moito o futuro. O máis importante era que non me atopase comigo mesma. Aparecín na noite que me roubaran a carpeta, estaba alí sa e salva e xusto cando os ía coller, colleumos o ladrón. Correu pola rúa e eu fun detrás del, finalmente chegou a unha rúa sen saída. Tiña posta unha máscara, quiteilla e resulta que era o primeiro científico! Quiteille a carpeta das mans e díxenlle que non volvera a suceder isto.

Volví á casa e todo estaba arranxado, pero non estaba o científico que me axudara e ao momento xa me dei conta: se cambio o pasado, cambio o futuro e como recuperei a carpeta non me faría falta a súa axuda. Tiven unha magnífica idea, volvería a buscar a Xoán e pediríalle que me construíra unha máquina do tempo, outra vez, aínda que el non o saiba. A idea era volver ao pasado e observar a Xosé Neira Vilas de pequeno e tamén facerlle unha segunda entrevista preguntándolle os datos clave que me faltan para completar a miña investigación.

Fun directamente á casa de Xoán e conteille a miña idea, estaba totalmente de acordo, coma me esperaba. Un mes despois tiña a máquina acabada aínda que lle faltaban uns arranxos, coma da outra vez. O día que me transportei foi moi impactante xa que estaba en

1935 cando Xosé Neira Vilas tiña sete anos. O mundo era moi diferente. Consegún ver ao escritor e escribín como era a súa vida. Despois dunha semana recopilando datos sobre el, volví a dous anos antes de que morrera, a 2013. Consegún unha entrevista con el e facilitoume todos eses datos.

Catro meses despois desta aventura publiquei o libro, tituleino “A vida de Xosé Neira Vilas”. Foi un gran éxito e xa se vende en tres idiomas: galego, castelán e inglés. Onte comunicáronme se podían facer unha película baseada no libro e obviamente dixeran que si. A película sae o ano que vén!

A feira

Nora Rouco González



3º premio da primeira categoría

Sabela era unha nena educada e fermosa, tiña o cabelo curto e louro, era tan delgada que semellaba cun refacho de vento saíría voando. Tamén era tímida e moi medorenta e por iso deixaba de facer moitas cousas. Sempre tiña medo de mancarse, de morrer, de que alguén a levara e a afastara da súa familia...

Todos os anos, alá polo mes de abril, celebrábase na súa vila unha festa grande. Viñan moitas atraccións: o tiovivo, o saltón, o barco pirata, os coches de choque.... Sabela vía aos seus amigos pasalo tan ben montando nelas que lle daba envexa. Pero ela non era capaz de subir a nada, o medo agarrábaselle ao estómago, e non lle deixaba mover as pernas. Pola súa cabeza pasaban pensamentos malos:

- E se monto no saltón e a barra que me suxeita se solta e saio disparada?

- E se monto nos coches de choque e bate contra min moi forte outro coche e abro a cachola?

- E se ao montar no barco pirata, me mareo e vomito a cea?

Todos os seus amigos se metían con ella, burlábanse cantando: “Galiña, galiña...vai para o curral, que alí non molestarás!”. E Sabela corría para a súa casa e encerrábase na súa habitación a chorar.

Un día chegou de visita unha amiga da súa nai que vivía no estranxeiro. Veu coa súa filla pequena a pasar 15 días de vacacións. A nena chamábase Paula, era moi tranquila e aberta. Tiña o cabelo rizo e vestía con moita personalidade, sempre con roupas de cores alegres e moi chamativas. Deseguida se fixeron moi amigas. Saían a pasear con cans, ían ao parque, ás pistas a xogar ao baloncesto.

Unha tarde, estando con Paula, dúas nenas metéronse de novo con Sabela.

- Porque che chaman galiña? -preguntou Paula.

- Porque saben que todo me dá medo e que non monto nas atraccións da feira porque me asusta poder mancarme.

- Pero ti queres montar?

- Gustaríame moito pero o medo pode comigo... comezan a tremarme as pernas e a suar e non dou feito nada.

- A que che gustaría montar?

- Ao saltón - contestou Sabela.

- Se queres esta noite monto contigo, seguro que se vas acompañada consegues vencer o medo.

- De acordo, pero non che prometo nada.

Chegou a noite e Sabela e Paula foron á feira acompañada das súas nais.

- Sabela, - díxolle a mamá - estamos contigo, podes conseguilo. Non pasa nada se non sobes, xa o farás cando esteas preparada.

- Agora é diferente, subo eu con ela- dixo Paula.

Mercaron as entradas e puxéronse á cola. Paula agarrou a man de Sabela e notou como tremía. Continuamente lle dicía:

- *Estou contigo, ti podes, es forte, es valente...estou contigo, ti podes, es forte, es valente....*

Sentáronse na atracción e comezou a subir. Sabela estaba moi nerviosa, pero na súa cabeza xa non estaban os pensamentos malos, senón que estaban as palabras de Paula “*es forte, es valente*”.

De súpeto o brazo do saltón no que viaxaban comezou a subir e baixar e a Sabela parecía que o estómago lle ía saír pola boca pero non era unha sensación mala, era divertida...non podía parar de rir e miraba para o seu carón e vía a Paula rir con ela.

Cando rematou, baixaron e foron correndo a xunto as súas nais.

Esa noite Sabela aprendeu que os medos pódense superar coa axuda dos bos amigos e dos pensamentos positivos.

Celtia, a pequena guerreira

Nerea Rendo Sánchez



1º premio da segunda categoría

Pequenas casiñas circulares de pedra con teitos de palla, rodeadas dun gran foso e unha muralla, resistían o forte mar que cada inverno petaba nas paredes do poboado castrexo de Brandia, situado ao pé do océano.

Unha ducia de familias celtas vivían en harmonía naquela fortificación, onde cultivaban millo, centeo, verzas e fabas, e tamén comían peixe e marisco que recollían do mar.

Na casiña máis pequena do poboado, vivían Celtia e o seu irmá Breno. Celtia tiña 10 anos e era unha nena moi aguda e forte. Ocupábase das colleitas, das tarefas da casa e de aprenderlle as cousas da vida ao seu irmá, que xa era capaz de acender o lume con só 5 anos.

Esa valente nena agochaba un gran segredo que tan só sabía Breno, xa que posuía unha espada forxada en ferro cun pequeno trisquel máxico de ouro gravado, que escondía nunha pequena artesa na súa casa. Esa espada legáranlla os seus pais antes de caer derrotados nunha loita por defender o seu pobo dos ataques dun malvado inimigo, que non era outro que Breogán, o tío de Celtia e Breno.

Naquela aldea eran moi felices, xunto co resto de celtas. Pasaban as xornadas axudándose uns a outros e gozaban dunha vida feliz traballando o ferro e o bronce, cociñando, cultivando e realizando as labores do campo, atendendo o gando, celebrando os seus rituais e representando a súa arte.

Pero, unha nebulosa mañá de primavera, mentres Celtia se atopaba recollendo moluscos para o xantar, divisou un pequeno barco ao lonxe. Non puido distinguir quen era pero parecíalle moi raro que alguén se achegase ao seu poboado por mar. A nena apurouse a avisar aos outros celtas da chegada daquela misteriosa embarcación.

Cando Artai, o xefe da tribo celta, saíu da súa casa a divisar aquel barco, enseguida recoñeceu que se trataba de Breogán, o malvado tío de Celtia e Breno. Pouco a pouco, íase achegando cun exército de bárbaros.

Artai deu a orde de que todos os nenos e as persoas maiores se agochasen no forno do poboado, mentres que os homes e mulleres se unirían a el para loitar contra Breogán.

Celtia pediu que a ela tamén lle deixasen ir, pero Artai ordenoulle agocharse tamén no forno xunto con seu irmán e o resto de nenos e maiores, xa que aínda era moi nova para ir á batalla.

Pero a nena, que tiña un gran espírito guerreiro encargouse de que seu irmán estivese a salvo co resto de refuxiados, pero ela, desobedecendo as ordes do xefe do poboado, correu cara a súa casa a buscar a espada que seus pais lle deixaran.

Breogán traía consigo un forte exército e pouco a pouco os habitantes de Brandia foron caendo. A derrota estaba preto, xa que non contaban con moitos guerreiros. Pero Celtia, que observaba detrás dun pequeno muro de pedra como Breogán e Artai loitaban e que as forzas de Artai minguaban, saíu correndo coa espada na man, púxose diante do seu tío Breogán e con todas as súas forzas encarouno coa súa arma.

Nese momento, ocorreu algo máxico. A espada que a pequena guerreira tiña agarrada coas dúas mans, provocou un gran resplandor de luz que saíu do trisquel de ouro que aquela arma tiña gravado, e de maneira máxica, Breogán desapareceu. As miradas de Artai e Celtia cruzáronse con gran asombro, sen saber que era o que acababa de pasar.

Ao ver isto, os guerreiros de Breogán rendéronse e, colocándose de xeonllos, pediron clemencia a Celtia. Sen ser consciente de todo o que acontecera, Celtia acababa de liberar o seu pobo e, tras aquel milagroso acontecemento, esta pequena nena acababa de converterse nunha gran guerreira.

Dende aquela, a vida naquel poboado volveu a ser tranquila e os seus habitantes viviron en paz, xa que ningún outro inimigo se atreveu nunca a pisar aquel misterioso poboado, agora liderado pola pequena guerreira Celtia e a súa máxica espada.

Soñando con Duque

Carolina Fernández Chas



2º premio da segunda categoría

Anxo era un neno moi alegre, simpático, amigo dos seus amigos e estaba sempre de bo humor. Pola contra, todos os días cando chegaba a noite, Anxo transformábase nun neno rosmón, antipático e gris.

A súa preocupación era a hora de ir a durmir. Choraba e tremaba de medo e case todos os días tiña que súa nai ou seu pai deitarse con el para conseguir que durmira. Tiña pensamentos malos e vía monstros por todas partes: debaixo da cama, detrás das fiestras, enriba do roupeiro...

Isto pasáballe dende facía uns tres meses máis ou menos, o tempo que pasara dende que Duque marchara. Duque fora o seu can; regaláronllo como agasallo no seu terceiro aniversario. Fora toda unha sorpresa pois Anxo non sospeitara nada. Cando o viu cun lazo vermello arredor do pescozo abriu tanto os ollos e a boca que quedara apampado. Duque era un cadeliño de raza mastín español de cor marrón clara e coa punta do rabo escura. Dende o primeiro momento fixéranse inseparables. Anxo coidaba de Duque e Duque coidaba de Anxo. Pasara o tempo e Duque medrara moito e era xa máis grande que o neno. Un día Duque enfermou, deuselle por non comer. Ao primeiro pensaron que era pasaxeiro, pero non. Veu o veterinario e dixo que Duque estaba moi maliño, tan maliño que unha semana despois diso, un día xa non espertou. Anxo chorou e chorou e chorou e enfadouse co avó, coa irmá, coa nai, con todos, ... co mundo. Dende entón non durmía nada ben. Sempre buscaba excusas para deitarse canto máis tarde mellor.

Faltaba pouco para o San Xoán e Anxo estaba todo contento pois gustáballe moito a festa e isto supoñía trasnoitar. O día 23 á noite, coma todos os anos, a familia xuntouse na casa do avó. Este asara sardiñas e acendera o lume para ter fogueira que saltar. Anxo brincou toda a noite cos seus curmáns e chegou o momento foron saltar o lume. Antes de coller impulso, Anxo pediu un desexo: “non ter medo a durmir”. Colleu impulso e saltou por riba da fogueira sen nin sequera rozar as muxicas.

Á hora de deitarse, o neno estaba nervioso pero non sabía por que. Deulle as boas noites a seus pais e meteuse na cama. Volta para un lado, volta para o outro lado,... tic-tac, tic-tac... pasara case unha hora dende que se metera na cama e seguía esperto. Cando estaba a piques de pechar os ollos, aos pés da cama viu una luz intensa de cor azul e do seu interior saíu Duque. Anxo flipou! E máis aínda cando o can lle falou: - “Meu amigo estou aquí para cumprir o teu desexo. Non te preocupes máis por durmir, vou vir todos as noites a visitarte e xuntos viviremos moitas aventuras”.

Así foi, Anxo pechou os ollos e cando os vultou a abrir estaba no planeta Marte xunto con Duque. Foran ata alí na súa cama convertida nunha nave espacial. En Marte fixéronse amigos de Marti un marciano moi singular. Os tres, Anxo, Duque e Marti pasaron a noite divertíndose. Xogaron ao pilla-pilla, ao balón, ao burro e a outros xogos típicos do planeta vermello que Marti lles ensinou. Pola mañá Anxo non quería espertar pero cando o fixo tiña un sorriso de orella a orella lembrando o ben que o pasara.

Á noite seguinte Anxo foi todo contento para a cama pois aínda lembraba a aventura da noite anterior. Que diversión lle agardaría hoxe? Pouco tardaría en descubri-lo pois aos cinco minutos de meterse na cama apareceu Duque que o viña a buscar para ir na súa cama desta vez convertida nun barco pirata á Illa Perdida na busca do tesouro do pirata Metepata. E alá foron surcando os mares dos seus soños...

Un sueño posible

Brais Torres Aldrey



3º premio da segunda categoría

Nunha montaña do interior de Galicia vivía Tristán coa súa familia; a súa nai, o seu pai e a súa irmá. Eran moi pobres, tiñan unha casa moi pequena ao lado do cemiterio. Os seus pais traballaban coidando seis vacas e unhas poucas ovellas. El e a súa irmá ían á escola que por certo estaba bastante lonxe da súa casa.

Un día pola mañá, antes de marchar para a escola, Tristán preguntoulle a seus pais se estaban moi lonxe do mar. Na escola estiveran vendo as distintas paisaxes e quedara fascinado co mar. A súa nai díxolle que si estaban moi lonxe. Ademais, os poucos cartos que tiñan non os podían gastar en viaxes. Tristán púxose triste porque gustaríalle moito ir á praia e ver o mar.

Pasaron os días e unha tarde chegou da escola moi contento porque ían ir de excursión a Corrubedo. Por fin ía coñecer o mar, non collía en si de ledicia. Estaba desexando que chegara o día, pero aínda faltaban dúas semanas.

Tódolos días ao chegar da escola, merendaba, facía os deberes e saía a axudarlle a seu pai a traer as ovellas de volta para a casa. Un día ao saír da casa e pasar polo cemiterio viu un home alí sentado. Non o coñecía de nada, dende logo, da aldea non era. Cando pasou polo seu lado Tristán preguntoulle que facía alí. O home díxolle que estaba descansando porque estaba de peregrinación a Santiago de Compostela. Fixéroxelle tarde e non ía dar chegado ao albergue antes de que se fixese de noite. Entón Tristán díxolle que ía falar co seu pai a ver se podía quedar na súa casa. O home caérolle simpático a Tristán.

O seus pais accederon, a pesar de ser moi humildes, un prato de sopa quente sempre tiñan. O home quedou moi agradecido. Na cea contoulles que estaba facendo só o camiño de Santiago porque a súa muller estaba enferma. Era dunha vila de Málaga. De feito tiñan unha casa enfronte á praia. Dixo Tristán, vivir enfronte ao mar! Que marabilla! Entón os pais do rapaz contáronlle ao home que Tristán tiña unha gran fascinación polo mar, estaba desexando que chegara o día da excursión, para, por fin coñecer o mar. Ao día seguinte pola mañá o home seguiu o seu camiño pero deulles o seu teléfono, e tamén lle pediu o enderezo deles.. Foran moi amables con el e non quería perder o contacto.

E, por fin, chegou o gran día: Saída cara Corrubedo. Ían en autobús, e inda lles levaba un pouco chegar. No autobús foron cantando. E así rendeulle menos o camiño. Cando se deu conta e mirou pola ventá estaban xa nas Dunas de Corrubedo. Que inmensidade de mar! Que bonito era! Tristán desfrutou moito desa excursión e non quería que acabase o día pois non sabía cando ía voltar a ver o mar de novo.

Cando chegou á casa contoulle aos seus pais todo o que viran. Que lle gustaría repetir a experiencia, aínda que non sabía cando sería... Incluso esa noite soñou que era un pirata e ía navegando polo ancho mar.

De pronto oíu que o chamaban, era súa nai, xa era pola mañá e ía chegar tarde á escola.. estaba soñando, pensou Tristán. Nin era pirata, nin tiña un barco. El non sabía porque sentía tanta paixón polo mar.

Os días pasaban e pouco a pouco ía chegando o verán. Unha mañá chegou o carteiro á casa cunha carta dirixida a Tristán. Quen sería, pensou el. Abriuna e cal foi a súa sorpresa....A

carta era do home que convidaran a cear e pasar a noite na súa casa cando facía o camiño de Santiago. Estábaos invitando a el e a seu irmán a pasar uns días de vacacións en Málaga. A súa muller xa estaba moi recuperada da súa enfermidade e levaríanos a visitar moitos lugares. Os seus pais déronlle permiso. Os nenos estaban moi emocionados pois non saíran nunca de Galicia, ademais a casa estaba enfronte do mar, enfronte do mar, pensou el. Ademais viaxaban en avión, pois o home pagáralle os billetes.

Cando chegaron e viron a casa, gustoulles moito. Ademais alí enfronte tiñan o mar. E aínda máis, o home que se chamaba Antonio, tiña un barco. Non era un barco pirata, pero era un barco. E íaos levar nel. Canto ía ter que contarlle aos seus amigos cando regresaran á escola!

Tristán pensou que moitas veces os soños fanse realidade.

Viaxar non costa nada

Noa Méndez Picallo



1º premio da terceira categoría

Son as nove da mañá e estou no medio dunha praza, nunha gran cidade, rodeada do máis absoluto silencio. Vehículos estraños abandonados, cinzas e ruínas, mires onde mires. Neste panorama de fin do mundo, atópome sen saber porque. Onde estou, onde están os outros? Que pasou? Un ruído chama a miña atención, levanto a cabeza e para a miña sorpresa vexo que sobrevoa a cidade un magnífico e aterrador dragón prateado. Miro para el, abraiada. A besta non parece de carne, é de metal. Non pode ser, viume e vén en picado cara a min. Bótome a correr como se me levara o demo. Ao xirar a esquina, vexo unha torre, ou o que queda dela. Subo correndo as escaleiras para entrar e poñerme a salvo. Abro a porta con todas as miñas forzas, e cérroa detrás de min. Apoiada na porta, cos ollos pechados, intento recobrar a respiración e a calma.

Ao abrir os ollos, estou nun prado, dun verde luminoso, con ovellas pacendo. Ao lonxe podo ver una edificación maxestosa, un castelo inglés da aristocracia de principios de século. Boto a andar a ver se teño sorte e atopo algunha alma que me diga onde estou. Canto máis me achego, menos entendo como puido ser que viñera a parar neste lugar. O portalón, grande, de madeira maciza impón a verdade. Non sen medo, peto á porta e ábreme un mordomo vestido de negro, con cara de poucos amigos, que tras interrogarme e verme perdida, déixame entrar. A entrada, como era de esperar, é fermosa, con antigüidades, estatuas, cadros nas paredes, candelabros e lámpadas de araña... Sigo ao home, cruzando salóns divinos, con tapizados de cores, mirando para todos os lados coa boca aberta. Ao abrir unha porta, bótase a un lado e dime : “por favor, Milady”. Estou entre divertida e asustada, pero obedezo. Ao cruzar, unha forza tira de min para abaixo.

De repente estou sentada nun banco, nun parque, cun lago diante. Ao meu lado está o rapaz máis guapo que vin na miña vida, falándome como se me coñecera de sempre. Fálame de setembro, cando vaíamos á Universidade, do ben que o imos pasar xuntos. Que lle fai moita ilusión que non nos separemos porque tiña medo que a nosa historia de amor arrefriase coa distancia...Eu, mirando para el sen entender nada, xa vos podeades imaxinar. A miña cara debe ser un poema porque bótase a rir e dime : “Peque, creo que un café non che faría mal, véxote hoxe un pouco ida”. Colléndome da man, lévame cara a un bar que está máis adiante. Eu como aparvada sigo sen protestar. Suxéitame a porta e entro diante del.

Un atronador ruído retúmbame nas orellas. Tan forte que boto as mans á cabeza. Unha manda de búfalos vén cara a min, e escoito os berros duns indios cunha crista na testa. Serán apaches? Que máis dará, nin que estivera no oeste, que cousas. Non me vai dar tempo a escapar, vou morrer atropelada por bisontes! Bótome a terra e empezo a rezar a todos os santos que se me ocorreron nese momento, e deixo de respirar. Escoito disparos. Disparos?

Levanto a cabeza, non as teño todas comigo. No medio da selva tropical estou, tirada no chan, atacada polos mosquitos. As balas asubían por riba da miña cabeza. Un exército de asiáticos vén cargando, decidido a eliminar canto atope polo camiño. Granadas estoupan por todos os lados. Levántome e corro o máis rápido que podo, sen mirar atrás. Non sei onde estou nin a onde vou, pero corro. Nunca tan rápido corrín. Unha caseta de tronco aparece ao lonxe. A miña única esperanza é chegar a ela. Non sen caer unhas cantas veces, logro chegar desexando que os asiáticos pasen de largo. A carreira e a calor asfixiante deste lugar déixanme esgotada. Péchanse os ollos como se quixera durmir, como se fora o momento.

Esperto nunha praia paradisíaca, na area, cun cóctel na man. Barcos no horizonte, unha piscina detrás miña. Que brisa máis agradable, que gusto sentir a calor do sol na cara. Déixome levar polo son das olas e o canto das gaivotas. Que paz!

De súpeto, escoito unha voz de muller: “Señoriña, pode levar este libro á casa se o desexa, a biblioteca cerra en dez minutos”.

Aparentar

Candela Suárez Méndez



1º premio da terceira categoria

Hoxe, 26 de abril hai un ano. Laura e os seus fillos, Pilar e Anxo, acoden o cemiterio cunhas flores vermellas para deixar na tumba do seu home e pai. A comunidade médica do hospital, do que era director e propietario estaba alí, o alcalde e concelleiros da cidade estaban alí e estaban alí, tamén, diversas personalidades da cultura e da farándula do país. Unha homenaxe perfecta para un home perfecto... un home perfecto, un gran home de cara ó público, xa que de portas para dentro ese home educado, encantador, simpático e xeneroso convertíase nun monstro, o peor pesadelo para ela e os seus fillos.

Miguel Martínez de Andrade e Xelmírez, marqués de Andeade e Soutomaior e conde de Miraflores era un home de natureza malvada na intimidade da súa casa pero unha das personaxes públicas máis respeitadas e queridas, sobre todo polo seu labor ó fronte de varias ONG.

Alí de pé coas flores vermellas na man (as máis odiadas por el) e escoitando todo o que está a falar esa xente que non tiña nin idea de como era verdadeiramente o defunto, a Laura venlle o recordo da súa voda. Ese foi o día do primeiro berro e da primeira humillación e ela quedou un pouco desconcertada pero non lle deu importancia, achacouno ós nervios do momento. A primeira labazada chegou días despois, na lúa de mel, e a partir dese momento xa non parou, todo o contrario, foi a máis. Ela casou moi namorada, durante o tempo que estiveron de mozos sempre foi encantador e detallista, encheuna de regalos e flores de todas as cores, menos vermellas.

Todo cambiaba cando había que ir a un acto social ou eran invitados a un evento. El mercáballe a roupa máis elegante, unhas xoias espléndidas e comportábase de maneira amorosa e encantadora; o “villano” convertíase en príncipe, pero cando os flashes se apagaban, o príncipe volvía a ser verdugo. E así pasaron os anos, ela non fixo nada e el seguiu nas mesmas.

Cando naceron os cativos, Pilar e Anxo, aumentou a súa angustia xa que ela podía sopórtalo todo pero só pensar en que lle puidera facer dano ós seus propios fillos creáballe tal ansiedade que case non a deixaba vivir. Mentras foron pequenos foino levando máis ou menos; os moratóns eran pequenas caídas ou accidentes sen importancia e os berros e malas contestacións eran debidos ó estrés de papá e non lle había que facer caso. Pero cando foron medrando decatáronse de todo e metíanse polo medio para que os golpes non lle chegaran e iso ó marqués enfurecía de tal maneira que non controlaba o que era capaz de facer e Laura entraba en pánico. Unha vez Pilar púxose diante e levou tal golpe que caeu pola escaleira e rompeu cinco costelas e unha perna e ademais como castigo durante un mes só lle daban de comer pan, auga e unha froita. Aí foi cando Laura toma a decisión de marchar. Non sabe cando será, nin como será, pero si ten a certeza de que o fará. Argalla un montón de plans en busca dun que sexa perfecto pero por máis voltas que lle dá ningún a convence. Todo ten que estar pensado ó milímetro porque un erro pode significar a morte. Os seus fillos queren que o denuncie pero ela failles ver que esa solución non vale. Trata de explicarlles que non os van a crer xa que a maioría pensa que esas cousas só pasan en familias sen recursos ou con problemas de drogas ou alcohol. Ninguén imaxina que nas clases altas e adifneiradas se poidan dar esas situación.

Pero todo cambia cando aparece o coronavirus. Coa chegada da pandemia, o marqués pasa moito tempo no hospital xa que hai moito traballo porque os contaxios aumentan por

miles. Hai que estar ó pé do canón e ó marqués gustáballe estar en primeira fila sobre todo para saír nos medios de comunicación e darse a ver, aparentar basicamente. Isto dálle a oportunidade a Laura de esacapar antes de que confinen a poboación.

Un par de maletas feitas de calquera maneira, co imprescindible e cuns poucos euros que foi aforrando ó longo dos anos, collen o tren con destino a unha aldea na montaña lucense. Alí vive unha tía, irmán do seu pai, á que o marqués non coñece. O medo e a angustia case non a deixan respirar. Aparecen alí, por sorpresa, Nieves, súa tía, non dá crédito a todo o que lle conta e dilles que poden quedar todo o tempo que necesiten.

Levan alí algo máis dun mes, apartados do mundo, confinados en plena natureza, sen luxos e traballando na granxa para axudar dalgunha maneira a Nieves. Nunca foran tan felices.

Un día cando estaban a almorzar na radio escoitan a triste noticia de que Miguel Martínez de Andrade e Xelmírez marqués de Andeade e Soutomaior e conde de Miraflores faleceu no hospital da súa propiedade por coronavirus e bla, bla, bla... Laura deixa de escoitar para assimilar a nova e mira para os seus fillos mentres se pregunta se será verdade...

Hoxe, 26 de abril de 2021 hai un ano que a familia de Laura comezou a vivir, a pandemia arruinou a vida de moita xente pero a eles devolveulles a liberdade e por iso están aí, vestidos de vermello, nesa homenaxe a un gran home, un home bo; que lles ensinou, a pesar de todo, grandes cousas sendo unha das máis importantes a de non fiarse das apariencias.

Entre ambas...mentiras e verdades

Mara Prieto Fernández



3º premio da terceira categoría

15 anos atrás...

1979, Instituto E.S.O Santa Clarisa de Lugo.

-Xa van dúas semanas Lucía, non aguanto isto. - Lucía mira cara a súa amiga que empeza a poñerse nerviosa.

-Carlota respira, seguro que a encontran – dille Lucía a súa amiga.

Carlota non se perdoa non acompañar a Martina cando llo pediu...

-Calma, seguro que aparece, ten esperanza.. - Lucía tiña esperanzas en que aparecera.

-Non podo calmarme cando me sinto culpable – dille Carlota angustiada á súa amiga.

O profesor de educación física acercouse a onde elas.

-Rapazas, síntoo...Van seguir investigando, pero agora mesmo non podemos facer nada máis que agardar, estades seguras que foi polo libro? O libro estaba no mesmo sitio, as súas cousas non foron tocadas.

-Si!...Estivemos agardando por ela, vimos como entraba pola porta e aí nós xa non soubemos máis dela, cando entramos a por ela o conserxe dixo que non a vira diante. Iso é todo, el chamou á policía...

Actualmente....

Baixei do coche coas miñas 2 maletas de cor verde, detrás de min viñan miña nai e meu irmán.

-Alice axúdame a levar o escritorio – berrou miña nai desde fóra.

Sáin da casa e fun a axudala, collemos cada unha por un lado do escritorio, levámolo ao cuarto do meu irmán. Miña nai baixou á cociña e eu funme ao meu cuarto.

-Alice, Jonathan baixade comer – gritou miña nai desde a cociña.

Baixamos os dous para a cociña, senteime na mesa de lado da miña nai, había macarróns con tomate.

.....

Abrín os ollos por culpa dos raios de sol que pasaban pola ventá do meu cuarto, mirei cara o teito, pensaba en como sería a miña nova vida aquí en Galicia. Onte foi o día da mudanza e sentíame cansa de andar todo o día dun lado para outro, hoxe é o primeiro día de instituto, sinto un pouco de medo a verdade, pero, isto ía suceder e sabíao.

Levanteime da cama cara o armario para vestirme, abrí as portas do armario e mirei a pouca roupa que tiña no armario, os outros dous camiños aínda non viñeran co resto das cousas para a casa, collín unha camiseta de cor branca e unhas mallas de cor negras. Baixei á cociña a tomar o meu café de todas as mañás coas miñas torradas de marmelada, cando rematei xusto baixaba meu irmán para irse á universidade.

-Alice, marchó, dille a mamá.– dime meu irmán saíndo pola porta da entrada.

-Mamá! Marchó, Jonathan xa se foi, ata despois.

Saín da casa andando ata o instituto. Ao chegar recibín miradas de todos, seguí cara adiante ata chegar á miña clase, ao entrar había un rapaz e unha profesora.

-Ola!, ti debes de ser Alice, non? - dime a profesora.

-Sí, esa son eu – dixer sen vergoña.

-Benvida eu son Laura, a túa profesora de Castelán e Inglés – dime cun sorriso – este é Ethan, vaiche ensinar o instituto e vai resolver as dúbidas que teñas.

Xireime cara o rapaz, el tiña a mirada perdida nun teléfono, a profesora chamoulle a atención, el levantou a cabeza e de mala gana levantouse da cadeira, e vino. Ethan era alto, cos ollos azuis coma o mar, os seus labios avermellados, o seu pelo negro e a súa mirada era fría, intimidante. Neses ollos que tiña non expresaba nada, estaba serio.

-Ethan tamén che dará os teus horarios – dime Laura antes de desaparecer pola porta.

Ethan empezou a saír da clase e fun tras el, chegamos diante dunha porta de cor verde, el abriuna e entrou, seguino ata dentro.

-Esta clase é a de Matemáticas e a de Plástica – dime mirando cara a ventá.

Sáímos de aí para outra porta.

– Esta é a de Castelán, Inglés e Bioloxía.

Seguimos así ata pasar por todo o instituto, chegamos a unha cafetería que había no instituto e sentámonos nunha mesa. Unha moza veunos a dicir que queríamos.

-Un café – pedín.

-Un ColaCao – dixo Ethan.

A moza despois duns minutos volveu co que lle pedímos.

-Estes de aquí son os teus horarios – entregoume un folio onde estaba o meu horario – as normas do instituto – deume outro folio – tes aquí onde está cada clase por se te perdes – dime mirando o folio onde me sinala.

Explicoume o resto das cousas antes de marchar para a casa, hoxe non dei clases por culpa de ser o meu primeiro día, mañá xa ía empezar.

Ao chegar á casa miña nai aínda non chegara, ela traballa ata moi tarde, meu irmán xa estaría na casa, pero quedara cuns rapaces da súa clase. Subín cara o meu cuarto e puxen os meus cascos para escoitar música, puxen a miña playlist de Spotify, a primeira canción que soou foi a de *Drivers license – de Olivia Rodrigo*. É unha das miñas cancións favoritas a verdade, ao chegar aquí a Galicia foi un cambio radical, en Portugal teñen outros costumes que aquí non hai.

Ás 10 e media da noite miña nai chegou do traballo, meu irmán e mais eu xa cearamos ás 9, estivemos no salón agardando a mamá para saber como lle foi no seu traballo novo.

-Ola! Que tal o traballo? - pregunteille a miña nai.

-Ben, e ti que tal as clases? - preguntoume.

-Ben, hoxe só me deron os horarios, ensinaron o instituto e as normas – dixen levantándome do sofá para ir ao meu cuarto – ata maña, mamá – fun cara o meu cuarto, ao entrar tireime na cama a ler un conto, titulado *Corre Corre, Cabaciña – de Eva Mejuto Rial*. É moi coñecido aquí, díxéronme que é para nenos pequenos, pero, apeteciame lelo, a verdade. Lino enteiro e ao acabalo deiteime a durmir.

Á mañá seguinte soou a miña alarma ás 7:30, abrín os ollos pouco a pouco, fun cara o baño a lavar a cara e lavar os dentes, despois vestínme e baixeí á cociña a almorzar, comín o mesmo de todos os días, as torradas con marmelada e o café.

-Bos días, Alice! - díxome miña nai cando baixou á cociña.

-Bos días, mamá! - díxenlle mentres deixaba o vaso no vertedeiro – marchou, ata logo – deille un bico na fronte e funme andando cara o instituto.

Ao chegar fun directa á miña primeira clase, tocouse Matemáticas. Ao entrar só quedaba un sitio libre ao lado dunha rapaza, senteime ao lado dela. O profesor non tardou en chegar, empezou a explicar sobre as ecuacións, estaba collendo apuntes ata que me sentín observada, xirei a cabeza cara o meu lado, a rapaza que está sentada comigo estábame mirando fixamente.

-Ola, eu son Bea – dime cun sorriso.

-Ola, eu Alice – díxenlle mentres seguía facendo os apuntes e escoitando ao profesor explicar.

-Dixéronche xa que este instituto está maldito? - díxome de súpeto Bea, xireime cara ela.

-Porque ía estar maldito? - preguntei con dúbida.

-Fai máis de doce anos unha nena desapareceu aquí, neste instituto, din que esquecera algo e volveu a por el mentres as amigas agardaban por ela fóra, pero, ela nunca volveu a saír e nunca tocara as súas cousas tampouco... - díxome mirándome.

Quedei calada despois do que me dixo, xustamente o timbre soou indicando que tiñamos que ir á seguinte clase, collín as miñas cousas e funme pensando no que me dixo Bea. Tocouse Francés, entrei e senteime atrás de todo, sentín que alguén se sentaba ao meu lado, xireime e vin a Ethan, levaba uns cascos brancos nas orellas e unha capucha do seu suadoiro negro.

-Ethan... - chameino. Miroume – díxéronme na anterior clase que neste instituto desaparecera unha rapaza, iso é certo? - pregunteille dubidando polo que dixera Bea.

-Si, é certo, desapareceu fai máis de 10 anos, nunca se resolveu o caso – díxome.

Aí foi cando se me ocorreu unha idea.

-Ethan, e se ti e mais eu acabamos de resolver o misterio? - preguntei mirándoo fixamente.

-Non, a min non me metas – díxome pasando de min, pero, volvino a intentar.

-Por favor –pedinlle suplicando.

-Está ben, agora atende e non molestes tanto – díxome mentres apoiaba a súa man no seu brazo que estaba enriba da mesa, cerrou os ollos e estivo así toda a hora de Francés, algunhas veces tiña que espertar porque a profesora chamábao para que respondera. Ao rematar a clase, fun cara a cafetería.

Ao rematar todas as clases fun directa cara a casa, ao entrar vin ao meu irmán no sofá mirando un partido de fútbol.

-Boas, Jonathan – díxenlle mentres subía cara o meu cuarto.

-Olaa! - respondeume.

Ao entrar ao meu cuarto, tireime na cama boca arriba para pensar un pouco. Acababa de chegar a Galicia despois de estar máis de catro anos en Portugal, eu nacera o día 12 de xullo en Madrid, cando tiveron 4 anos mudeime a Portugal, por mor de que miña nai tiña traballo alí e o necesitábao, despois duns anos díxéronlle que se tiña que mudar a Galicia se non quería perder o traballo. Sinto que estou cansa, hoxe intereseime polo caso da nena, porque me gustaría saber onde está e que pasou con ela...

Á mañá seguinte levanteime con ganas, hoxe empezaría a investigación, fixen o mesmo que todos os días, lavar a cara, almorzar e vestirme, esta vez puxen un vestido con flores. Fun andando cara ao instituto e ao chegar fun directa á clase de Historia que tocaba. Senteime atrás de todo, Ethan despois dun pouco chegou e sentouse comigo, ao cabo de 2 minutos entrou a profesora.

-Ola, benvidos á miña clase, como estades sentados agora estaredes así todo o curso por diante – díxonos.

Algúns bufaron e outros aceptaron. Algúns empezaron a cambiarse rapidamente mentres outros falaban, Ethan non se moveu, pero, estaba cos cascos e seguro que non se dera de conta do que dixera a profesora. Cando lle movín o brazo para avisalo por se quería cambiar, a profesora rematou dicindo:

– Listo, non haberá máis cambios.

-Que? - dixo Ethan mirando cara a clase, porque non se percatara de nada do sucedido.

-Que hai un momento podíamos elixir os sitios onde quedar todo o curso -díxenlle mirando cara a profesora que estaba explicando, Ethan bufou e miroume mal.

-Ethan – chameino.

-Alice – imitoume.

-Hoxe empezamos coa investigación – afirmei.

-Vale – respondeu secamente.

Ao rematar as clases fun á cafetería, alí atopeime con Ethan, ía andando cara el cando choquei con alguén.

-Perdoa, teño présa – díxome o rapaz con quen choquei.

Seguín andando cara a mesa onde se atopaba Ethan, sentei-me enfronte del.

-Vale, estes son periódicos de cando desaparecera, non se ve moi ben a letra, pero, iso non importa, din que nunca chegou a tocar as súas cousas e que tampouco pasou da conserxería, porque o conserxe non a viu – díxome mentres estaba lendo así por encima para enterarme.

-Desapareceu o día 8 de xullo no ano 1979... - dixeran mentres miraba cara Ethan.

-Si, ese día desapareceu e non volveron a saber máis dela. - díxome mentres revisaba uns papeis – estas son algunhas das redaccións que fixo durante o curso, puxéronas como probas porque lle parecían moi estrañas en como as escribía e o que contaba... - dixo mirándoas rapidamente.

Púxenme a lelas rapidamente mentres Ethan miraba o teléfono. Era verdade o que dixe-ra, nas redaccións, descricións, biografías dela falaba moito sobre un home de carapucha negra. Isto parecía real, contaba todo con detalle, houbo unha que me chamou a atención.

“O home da carapucha negra ségueme ata a clase, alí ameazame con matarme se non me arrimo a el, tiña medo? Si, demasiado? Tamén, achegueime pouco a pouco, cando estiven fronte del, sacou rapidamente algo dos pantalóns e apuñaloume cun obxecto que sacara detrás das súas costas”

Isto parecía real, ata eu sentín medo e só o lin, Ethan ollaba para min cun sorriso pícaro, engurrei o cello.

-Esa tamén me chamou demasiado a atención, está escrita cunha aura moi estraña a verdade, ao lela parecía que eu mesmo o estaba vivindo, foi moi raro sentirme así – díxome mentres miraba cara a ventá.

Estivemos media hora máis mirando os textos e contos de todo o que escribiu Martina. En case todos aparecía o home da carapucha negra, algo estraño a verdade.

Despois dunha semana investigando, decidimos ir falar co anterior conserxe, porque no periódico poñía que o conserxe non a vira, pero, tivo que vela porque para subir había que pasar fronte o conserxe; descubrimos despois duns días o seu enderezo, hoxe iamos visitalo.

-Alí, ao acabar ímonos xa – díxome ollando o caderno seu. Asentín.

Ao rematar todas as clases, díxenlle a miña nai que quedara, ela deume permiso para quedar, pero, tiña que volver ás 8 da tardiña como máis tardar. Saímos do instituto e puxémonos a andar cara ao enderezo do home, despois duns 10 minutos chegamos a un barrio chamado Casco Vello. Era bonito, pero, á mesma vez un pouco estraño, chegamos ao número 13 da casa dese barrio, ese era o lugar. Ethan timbrou, aos dous minutos despois de timbrar a porta abriuse mostrando a un señor bastante maior.

-Ola, somos do instituto Santa Clarisa de Lugo – dixen mirando cara o señor. El abriu os ollos.

-Ti eras o anterior conserxe dese instituto, verdade? - preguntou Ethan.

-Si, encantado, son Francisco, en que vos podo axudar? - dixo ollándonos cun sorriso.

-Nós somos Ethan e Alice, queríamos falar con vostede – dixen.

-Claro, pasade – entramos detrás del, guiounos a unha especie de sala, sentamos nuns sofás e el sentouse fronte nosa – decideme de que queriades falar comigo.

-Hai anos, unha nena desaparecera no noso instituto, non sei se o recorda – dixo Ethan ollando ao señor, el dixo que si coa cabeza – no periódico poñía que foi unha das testemuñas, queríamos preguntarlle sobre ese día – dixo.

-Claro, eu estaba sentado na cadeira, cando oín ruídos que viñan da entrada do instituto, despois duns minutos os ruídos pararon, aos cinco segundos despois oín un grito e un choro, eu sentín medo e pasei diso, sei que fun moi egoísta,pero, eu non quería ir a onde viñeran os ruídos por medo – dixo mentres lle saían lágrimas polos ollos.

Dábame pena, velo chorar era algo que me poñía triste, non me gustaba ver os demais tristes.

-Grazas, ao mellor isto foille difícil contalo, pero necesitabamos saber a súa versión – díxenlle a Francisco, el só me dedicou un sorriso.

Ethan e mais eu levantámonos do sofá e fomos cara a porta da entrada, antes de saír Francisco díxonos ata logo, contestámoslle igual e fomos andando cara a miña casa. Ethan díxome que me acompañaba, eran as 7 e media da tardiña, facía un pouco de frío, pero, aguantábase ben.

-Mentiunos – dixo el mentres seguimos camiñando.

-Que? - preguntei xirando a cabeza cara el.

-O señor non nos contou toda a historia verdadeira, notábase estaba pensando mentres contaba a mentira. - dixo Ethan.

A verdade non me fixara no señor, estaba mirando ao chan mentres contaba a súa versión.

Pensei no que dixo Ethan, ata chegar ao lado da miña casa.

Ao entrar vin a Jonathan sentado na cociña, saudeino e funme ao cuarto, collín a roupa e funme ao baño, ducheime e puxen o pixama de corazóns brancos. Fun ao meu escritorio a facer uns problemas que tiña de Mates e unha ficha de Galego que tiña que facer.

Despois dunha semana e media tiñamos máis pistas sobre a desaparición, sobre a versión de Francisco aínda non estabamos seguros de que dixo a verdade, pero, non a descartabamos. Encontramos máis periódicos que falaban do caso, fotos dela, máis textos que escribía e todo.

Entrei ao instituto como todos os días e fun cara a clase de Plástica, a miña favorita, ao entrar vin a Ethan, fun cara el e senteime xunto a el.

-Bos días! - díxenlle cun sorriso.

-Boas Alice – respondeume o saúdo.

-Bos días, como saberedes dentro de 3 semanas acaba o curso, entón estes días imos debuxar e pintar, hoxe empezaremos por pintar unha mandala, vouvos repartir unha a cada un e tédela que pintar con todas as cores.

Empezouna a repartir, a min tocouse unha mandala con forma dun paxaro e a Ethan con forma dun pavo real, collín as cores e púxenme a pintala. Empecei co pico, pinteino de cor laranxa, pero, tamén cun pouco de amarelo para que quedara ben, logo pasei as ás do paxaro quería pintalas de cores azuis, entón collín azul escuro e un azul máis claro, empecei co escuro a pintar os bordes, cando acabei collín o azul claro, pinteí de todas as cores o paxaro. Ao terminar entregueillo á profesora, a verdade é que quedara ben ou polo menos a min parecíamo.

Ao saír esperei a Ethan, fomos cara á seguinte clase que nos tocaba, era Lingua, o único que fixemos foi corrixir a ficha e facer uns exercicios máis. Ao acabar andamos ata a cafetería, estivemos falando sobre o caso, e quedamos en ir á casa da rapaza a ver se había algo máis que nos daba pistas sobre o que lle pasara. Era ilegal iso, pero, necesitamos ir para ver se podemos encontrar algo máis, imos ir mañá despois do instituto, tiñamos o seu enderezo grazas aos periódicos.

Ao día seguinte levanteime antes da alarma, preparei a mochila, vestínme e fun a cociña a almorzar, ao cabo duns minutos baixou miña nai poñendo a súa chaqueta.

-Bos días, cariño – díxome, dende pequena sempre me chamou así.

-Bos días, mamá – respondílle mentres collía a mochila.

Saín pola porta cara o instituto, ao chegar entrei na clase de Historia. Ao terminar a última clase fun para fóra a esperar a Ethan, cando chegou saudoume e empezamos a andar cara a casa que era de Martina.

Ao chegar á casa, había un cerrado, saltámolo e fomos cara adentro, empurrámos a porta e entramos, fomos cara a unha especie de sala, había cadros dunha nena máis ou menos de 14

anos, pelo marrón longo, ollos marróns claros, labios pequenos e un sorriso moi bonito. Había unha mesa de madeira e enriba dela uns papeis, achegueime ata a mesa mentres Ethan miraba polos outros cuartos. Enriba había unhas cartas sen enderezo, fotos, máis textos, collín unha carta e dentro estaba baleira, seguín mirando e non encontrei nada, ao pouco chegou Ethan e díxome que tampouco encontrara nada.

Sáímos da casa, fomos andando mentres falabamos.

-Seguramente foi o conserxe, mente, estaba cando pasou o ocorrido, é o único sospeitoso – díxome Ethan, a verdade é que tiña razón.

-Pero, pode haber outra xente implicada Ethan – díxenlle mentres pensaba en todo.

Pasaron días e cada día tiñamos máis claro quen era o culpable da desaparición da rapaza, hoxe tiñamos todo planeado para chamar a policía para que foran á casa do conserxe para arrestalo. Despois da saída do instituto, ao chegar a clase estaba nerviosa porque hoxe viña unha rapaza nova case a acabar xusto o instituto.

Ao acabar as clases saímos Ethan e mais eu fóra do instituto. Alí chamáronnos para o patio traseiro do instituto, fomos e ao chegar vimos a case todos e mais aos profesores.

Nunha esquina había unha rapaza máis ou menos da nosa idade e ao lado unha muller de costas a nós, tiña o pelo marrón e longo, baixa, cando se xirou vira, era igual á rapaza que desaparecera hai máis de 15 anos...

-Ola, eu son Martina, a nai de Matilda – dixo cun sorriso.

Ethan e mais eu mirámonos!...

NEIRA VILAS, IN MEMORIAM

Desta Terra

Auga, pedra, sol e vento,
aquí a ledicia é tanta
que todo rebule e canta
e o Ulla vaise contento.
Teño nesta terra asento
e un sentimento profundo,
un amor vivo e rotundo
polo val onde nacín,
levo a Gres dentro de min,
son deste anaco do mundo.



**Concello de
Boqueixón**

Colabora:

